

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 19 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro)*, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/pais**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os pais e pais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no censo correspondente que a partir 8/11/2022 está exposto no taboleiro de anuncios.

3.- Son elixibles os pais e pais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As **candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 16 de novembro.**

4.- **O sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, **o día 22 de novembro, ás 10:30 horas.** Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/pais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 28 de novembro, de 14:40 a 17:40 horas na biblioteca do centro.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 14:00 horas

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 8 de novembro de 2022

O/a presidente/a da Xunta Electoral,

Asdo.: Verónica Enravela Barreira

